



Servizo de Persoal

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/14066/2017 20/09/2017 El Oficial Mayor P.O.

**Asunto:** Adaptación da lista de agarda de coordinador/a de programas de emprego á Instrución 4/17 sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino.

**RESOLUCIÓN**

1. Por Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración, de data 20 de setembro de 2016, resolveuse, entre outros, o seguinte:

*Autorizar o nomeamento, como persoal funcionario interino, para a execución do programa de carácter temporal "Coruña Emprega", do seguinte persoal:*

- o 1 coordinador/a

Ademais, na citada Resolución acordábase que para a selección do coordinador realizaríase unha convocatoria pública mediante anuncio na páxina web municipal ([www.coruna.es](http://www.coruna.es)) e no Boletín Oficial da Provincia (BOP), para o que se aprobaron as correspondentes bases.

2. Con data 03 de marzo de 2017, o Secretario do Tribunal xulgador do proceso selectivo dun coordinador para o programa "Coruña Emprega" publicou un anuncio coas cualificacións finais que obtiveron os aspirantes que superaron ese proceso.

As cualificacións finais foron as seguintes:

Apelidos e nome	DNI	1º exerc	2º exerc	3º exerc	concurso	Total
GONZALEZ VÁZQUEZ, MARIA DOLORES	32443112W	52,39	24,18	10,50	2,50	89,57
NIETO MATAMOROS, SILVIA	32643549V	50,02	21,68	12,50	15,40	99,60
VICENTE (DE) MATO, EVA MARIA	33313352Z	68,01	32,52	15,00	11,45	126,98

Ademais das cualificacións finais citadas, o Tribunal propuxo a Eva María de Vicente Mato para a praza de coordinadora do programa "Coruña Emprega".

3. Por Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración, de data 10 de marzo de 2017, resolveuse, entre outros, o seguinte:

*1.- Nomear Coordinadora, funcionaria interina, a D<sup>a</sup> EVA M<sup>a</sup> DE VICENTE MATO (DNI 33313352Z) para a execución do programa de carácter temporal "Coruña Emprega".*

*A duración do devandito programa de carácter temporal será de tres anos. Este proxecto iniciouse en outubro de 2016.*

4. Con data 07 de xullo de 2017, aprobouse a Instrución 4/17 sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello da Coruña.

No artigo 9.1 desta Instrución establécese que as listas de agarda aprobadas con anterioridade á data de publicación da presente instrución conservarán a súa validez e eficacia e pasarán a rexerse conforme ao disposto na mesma.

5. Tendo en conta o exposto, procede realizar a adaptación da lista de agarda de coordinador/a de programas de emprego á Instrución 4/17, polo que dita lista de agarda queda da seguinte forma:



Orde	Apellidos e nome	1º exercicio	2º exercicio	3º exercicio	Concurso	total	situación
1	VICENTE (DE) MATO, EVA MARIA	68,01	32,52	15,00	11,45	126,98	Nomeada interina de proxecto, Inicio 15/03/17, Fin 5/10/19
2	NIETO MATAMOROS, SILVIA	50,02	21,68	12,50	15,40	99,60	
3	GONZALEZ VÁZQUEZ, Mª DOLORES	52,39	24,18	10,50	2,50	89,57	

6. O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/06/2017 (BOP de data 13/07/2017), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal á Concelleira delegada de Facenda e Administración.

Á vista do informe emitido polo Servizo de Persoal; a Concelleira delegada de Facenda e Administración (por delegación da Xunta de Goberno Local), en uso das facultades que ten conferidas,

**RESOLVE:**

Adaptar a lista de agarda de coordinador/a de programas de emprego á Instrución 4/17, polo que dita lista de agarda queda da seguinte forma:

Orde	Apellidos e nome	1º exercicio	2º exercicio	3º exercicio	Concurso	total	situación
1	VICENTE (DE) MATO, EVA MARIA	68,01	32,52	15,00	11,45	126,98	Nomeada interina de proxecto, Inicio 15/03/17, Fin 5/10/19
2	NIETO MATAMOROS, SILVIA	50,02	21,68	12,50	15,40	99,60	
3	GONZALEZ VÁZQUEZ, Mª DOLORES	52,39	24,18	10,50	2,50	89,57	

A Coruña, 18 de setembro de 2017

A Xunta de Goberno Local, P.D.  
A Concelleira delegada de Facenda e Administración

María Eugenia Vieito Blanco